

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE PEPE DE XAN BAÑA

CURSO: 4 ° DE EP

TITORA: María Álvarez Teijeiro

MATERIAS: Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais

DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (principalmente de recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación).
4. Información.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

Área de matemáticas	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Interpreta, reflexiona e resolve os problemas empregando as estratexias e procedementos axeitados.	Aplica estratexias e procedementos aprendidos na resolución de problemas sinxelos e revisa a solución.
Expresar de forma oral ou escrita e razoadamente, o proceso de resolución das actividades e os problemas.	Aplica estratexias e procedementos aprendidos na resolución de problemas.
Amosa e desenvolve as actitudes persoais axeitadas para afrontar as resolucións e actividades.	Amosa unha actitude de esforzo e constancia para afrontar a resolución de problemas e actividades.
Le, ordena e escribe números naturais e decimais coñecendo o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Le, escribe, ordena e coñece o valor da posición de cada unha das cifras dos números naturais ata o millón.
	Le, escribe, ordena e coñece o valor da posición de cada unha das cifras dos números decimais ata as décimas e centésimas.
	Emprega os números naturais e decimais en situacións de problemas cotiás.
Realizar cálculos numéricos sinxelos con números naturais e decimais.	Realiza operacións matemáticas como suma, resta, multiplicación e división por unha cifra, con números naturais ata o millón.
	Realiza operacións matemáticas como suma, resta e multiplicación con números decimais ata as décimas e centésimas.
Identificar as unidades do Sistema Métrico Decimal.	Recoñece as medidas empregadas para medir masa, capacidade e tempo.
Estima a masa, a capacidade e o tempo elixindo a unidade máis axeitada.	Expresa por escrito a medición da masa de obxectos e a súa capacidade.
	Identifica, describe e emprega as medidas de tempo.
Recoñece e interpreta textos numéricos para resolver problemas empregando medidas de lonxitude, masa/peso, capacidade e tempo.	Identifica e emprega unidades de medida de lonxitude, masa, capacidade e tempo.
	Opera con medidas desas magnitudes.
	Resolve problemas sinxelos con medidas desas magnitudes.

Área de lingua castellana	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Ler, comprender, interpretar e valorar textos escritos captando o seu sentido global, identificando a información relevante, extraíndo informacións concretas, realizando inferencias...	Amosa comprensión con certo grado de detalle, de diferentes tipos de textos literarios ou da vida cotiá.
Aplicar os coñecementos sobre a lingua e empregar a terminoloxía gramatical axeitada para a explicación dos diversos usos da lingua.	Recoñece e identifica as fomras verbais simples e compostas.
	Recoñece e identifica verbos irregulares: haber, ser

	e estar.
	Recoñece e identifica adxectivos.
	Recoñece e identifica adverbios.
Comprender, explicar e valorar as relacións semánticas que se establecen entre as palabras.	Recoñece e explica as relacións polisémicas que se establecen nalgúns palabras aclarando o seu uso correcto nunha oración ou nun texto.
Recoñecer palabras derivadas.	Recoñece palabras derivadas que conteñen sufixos aumentativos e diminutivos.
Recoñecer palabras homófonas.	Identifica palabras homófonas e distingue os seus significados.
Coñecer e aplicar as normas ortográficas e empregarlas con corrección nos escritos.	Recoñece e corrixe progresivamente erros no uso das letras aplicando os coñecementos adquiridos na mellora progresiva da súa produción escrita.

Área de lingua galega	
Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	Valora a importancia do dominio da ortografía para asegurar unha correcta comunicación entre as persoas falantes dunha mesma lingua e unha adecuada interpretación dos textos escritos.
	Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.
Identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados.	Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: poesía.
	Le e comprende o poema.
	Identifica a medida e os tipos de versos dun poema.
Construír correctamente as oracións dende o punto de vista sintáctico, nas producións escritas.	Respecta, de maneira xeral, as normas morfosintácticas de colocación dos pronomes átonos e tónicos.
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.
	Identifica formas verbais persoais e impersoais.
	Identifica a conjugación en formas verbais dadas.
Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía relacionados con situacións cotiás e que sexan característicos dos medios de comunicación.	Redacta textos sinxelos xornalísticos (noticia) de maneira clara e estruturada.
Identificar palabras compostas, para comprender e producir textos.	Recoñece palabras compostas.
	Recoñece as palabras simples que forman unha palabra composta.
	Recoñece e usa palabras derivadas, identificando e formando familias de palabras.
Utiliza correctamente as regras de puntuación, así como contruír correctamente as oracións dende o punto de vista sintáctico, nas producións escritas.	Identifica e usa correctamente os adverbios.
	Emprega con corrección os signos de puntuación (dous puntos e puntos suspensivos).

Área de Ciencias Sociais	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes as partes dun río do medio próximo.	Define hidrosfera, e identifica e nomea grandes masas e cursos de auga, explicando como se forman as augas subterráneas, como afloran e como se accede a elas.
	Diferencia cuncas e vertentes hidrográficas
	Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles.
Describir as características do relevo de España e Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	Localiza nun mapa as principais unidades do relevo en España e Galicia e as súas vertentes hidrográficas
	Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España e Galicia.
Identificar as principais institucións políticas de Galicia e do Estado español que se derivan da Constitución, así como as súas funcións.	Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións.
	Identifica a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.
Coñecer a organización territorial do Estado español e os seus órganos de goberno básicos.	Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.
Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final
	Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.
Identificar e localizar no tempo os procesos e acontecementos históricos e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución e coñecer os principais xacementos arqueolóxicos de Galicia	Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas.
	Explica aspectos relacionados coa forma de vida, organización social e cultura das distintas épocas históricas estudadas.
	Explica a diferenza dos dous períodos nos que se divide a Prehistoria e describe as características básicas das formas de vida nestas dúas épocas.

Área de Ciencias da Natureza	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.
Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo,	Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con

recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	criterio científico.
Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.
	Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.

2. Avaliación e cualificación.

2.1. Procedementos de avaliación.

- A avaliación será continua.
- Realización de exercicios e tarefas que impliquen a resolución de problemas e aplicación dos contidos traballados no curso.
- Seguimento continuo e individualizado do alumnado mediante revisión diaria das tarefas e reenvío das mesmas coas correccións e anotacións pertinentes.
- Vídeokonferencias co alumnado que demande explicacións máis personalizadas empregando as aplicacións e programas Skype, Whatsapp, Hangouts...según a dispoñibilidade da familia.
- Non se terá en conta na cualificación o dominio daqueles contidos NON abordados na aula. Estes empregaranse coma ampliación, valorando a implicación do alumnado na súa aprendizaxe e adquisición dos obxectivos e competencias.

2.2. Instrumentos de avaliación.

- Plan semanal: envío de vídeos de apoio e actividades secuenciadas por día, de matemáticas e lingua castelá para luns, martes e mércores e de lingua galega, ciencias da natureza e ciencias sociais para mércores, xoves e venres.

- Lista de control: rexistro diario e individual das tarefas.
- Traballo individual: fichas ou actividades dos libros de texto con contidos preferiblemente de reforzo, repaso ou ampliación.
- Entrevistas persoais individuais ou en pequeno grupo a través de vídeoconferencias.

2.3. Cualificación final:

Procedemento para obter a cualificación final de curso:

- A avaliación **final do trimestre** suporá a adquisición dos estándares adaptados a este trimestre. Así como a participación, esforzo e implicación na materia.
- A avaliación **final de curso** consistirá na media aritmética das calificacións obtidas no primeiro e segundo trimestres. A repetición de curso enténdense coma unha medida de carácter excepcional.
- A nota do terceiro trimestre só afectará á calificación final se beneficia ao alumno/a.

2.4. Alumnado con materia pendente.

Ningún dos alumnos e alumnas de cuarto de primaria do CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña tivo unha cualificación negativa nas áreas de matemáticas, ciencias da natureza e ciencias sociais nos anteriores trimestres.

No primeiro trimestre, un membro do grupo tivo cualificación negativa en lingua castelá e outro diferente, en lingua galega. Ambos membros do grupo acadaron avaliación positiva no segundo trimestre polo que, considerando o carácter de continuidade que ten a avaliación na Educación Primaria, non hai alumnado con materia pendente.

O alumnado recibe unha atención individualizada con gran apoio xeral por parte da familia.

Aquel alumnado que presenta dificultades para seguir o ritmo na materia recibirá tarefas acordes ás súas necesidades e o seguemento por parte da titora será máis personalizado se cabe. Para a súa cualificación, terase en especial consideración a constancia e esforzo na materia, mostrando hábitos de estudo e traballo.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (principalmente de recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

3.1. Actividades.

Repaso e reforzo, mediante fichas e actividades recollidas no libro de texto, aquelas que permiten o desenvolvemento competencial e o traballo individual.

Realizaranse actividades de ampliación, permitindo ao alumnado continuar coa súa aprendizaxe, promovendo a motivación por aprender. Actividades recollidas no libro de matemáticas (Editorial Vicens Vives), linguas (SM) e ciencias (Santillana) que irán resolvendo no caderno persoal.

Actividades sobre novos contidos que requiran a mínima intervención docente para a súa asimilación. Non serán tidas en conta a efectos de resultados de cualificación trimestral ou final. Estes contidos preséntanse cuns apuntes realizados pola titora acompañados dun vídeo explicativo dos mesmos.

3.2. Metodoloxía.

Todo o alumnado de cuarto conta con conectividade: 7 alumnos/as contan con wifi na casa e 4 empregan datos móbiles.

Videochamadas individuais ou en pequeno grupo: a demanda por parte das familias ou suxeridas pola titora nos casos de especial dificultade.

- Con wifi: empregamos os programas ou aplicacións Skype, Whatsapp, Hangouts... para as videochamadas individuais ou grupais.

- Con datos móbiles: realizo chamadas persoais co meu teléfono móbil.

Nestas conexións aclaro as dúbidas do alumno/a e atendo o seu desenvolvemento emocional, véndose especialmente afectados polo estado de confinamento.

Tarefas semanais: ao comezo da semana, colgo na Web do centro (no apartado reservado a 4º de EP) a secuenciación das actividades e tarefas a desenvolver na materia, facéndoo chegar ás familias.

Recepción de tarefas e corrección: o alumnado envía ao whatsapp ou ao correo electrónico persoal as actividades realizadas.

A coordinación co resto do claustro é telefónica ou a través do whatsapp, sendo a directora e xefa de estudos a que actúa coma enlace entre o profesorado.

3.3. Materiais e recursos.

- Libros de texto. Coa colaboración de Protección Civil e a ANPA, o alumnado de cuarto conta na casa co libro de cada materia.
- Cadernos individuais onde resolve o alumnado os exercicios. Así coma material persoal: lapis, goma, folios...
- Fichas de elaboración persoal, enviadas mediante a web do centro. Aquel alumnado que non conta con impresora na casa e as quere imprimir, recibe o material a través dun servizo gratuíto de impresión e entrega en domicilio facilitado polo Concello.
- Proposta semanal de actividades secuenciadas que recollo nun documento.
- Ordenador personal: co que manteño a comunicación co alumnado e no que elaboro os materiais que fago chegar ás familias.
- As familias contan con ordenador, tableta e/ou teléfono móbil.
- Wifi e/ou conexión de datos móbiles.
- Web do centro con recursos.

4. Información.

4.1. Información ao alumnado e ás familias:

O alumnado e as familias son informadas de forma individual polas canles xa referidas así como a través da web do centro.

A miña dispoñibilidade a través de teléfono persoal ou aplicacións móbiles é de 10.15h a 17.15h (horario escolar).

Empregouse a ferramenta Abalar Móbil para informar ás familias dos resultados da calificación do segundo trimestre.

O alumnado e as familias son informadas colectivamente mediante os avisos publicados na páxina Web do centro.

4.2. Informacións xerais:

Web do centro.